

# **FIADDEIRO**

Día das Letras  
Galegas

17 de Maio de 1995



**RAFAEL DIESTE GONZALEZ**

**Colexio Público de Beluso**

# ÍNDICE

---

EDITORIAL

RAFAEL DIESTE

A OBRA DE R. DIESTE

NOTICIAS DO COLEXIO

CONCELLO DE BUEU

GALICIA

O MEU BARCO DE XOGUETE

CONTO


ENTREVISTA

DEPORTES

HUMOR

PASATEMPOS

RUMORES



## EDITORIAL

Este ano foi moi especial. Velaquí deixamos o último de nós; e iso entristécenos moitísimo.

Fomos un grupo de compañeiros que sempre nos apoiamos uns nos outros, pero a nosa viaxe xuntos chega á súa fin.

Levamos connosco un fermoso recordo deste noso segundo fogar; as lembranzas dos anos pasados e tódolos soños postos por cada un de nós aínda seguen nas nosas antigas aulas.

Non nos imos tristesiros, senón moi ledos, porque ben sabemos que estes anos da nenez non se esquecerán endexamáis.

Este ano traballamos duro, pero sempre xuntos, e que nos facía máis fortes para seguir sempre adiante.


A nosa, foi unha amizade fermosísima, envexada polas estrelas. Compartimos os malos momentos dos compañeiros que rápidamente se esqueceron co cariño e o apoio de todos.

Como un último recordo desta amizade, a nosa excursión. Ela será a lembranza clave na que se gardarán os momentos máis fermosos do colexio, dos compañeiros e de tódalas cousas boas que os mestres nos ensinaros durante tantos anos.

No meu nome e de tódolos meus compañeiros:  
O NOSO AGRADECIMENTO A TÓDALAS PERSOAS QUE FIXERON POSIBLE A REALIZACIÓN DA NOSA EXCURSIÓN.

UN ESPECIAL AGRADECIMENTO A TÓDOLOS MESTRES QUE DURANTE TANTO TEMPO NOS AXUDARON. TÓDOLOS DE OITAVO ESTÁMOSLLE MOI AGRADECIDOS.

Carmela Santos Novas 8 B.



# Rafael Dieste (1899-1981)

## VIDA E OBRA

Rafael Dieste González naceu en Rianxo, na mesma rúa que Castelao e Manuel Antonio —a de abaixo—, o 29 de xaneiro de 1899 no seo dunha familia de posición económica desafogada. Afeccionado desde pequeno á música e ao teatro, en 1914 comeza os estudos de Maxisterio en Compostela. Aproxímase, aínda que criticamente, ao nacionalismo, tema, entre outros, do que amplamente debaterá cos seus amigos rianxeiros Manuel Antonio e Roxelio Pérez.

Rematados os estudos realiza o servizo militar en 1921 e é destinado a Marrocos, onde estivo na fronte de Dar Drius. Despois do seu regreso, comeza a agromar a súa actividade literaria. En 1924 traballa no xornal *Galicia* e un ano máis tarde no tamén vigués *El Pueblo Gallego*. Desde as súas páxinas exerce un interesante labor ensaístico, especialmente no ámbito da expresión plástica. En 1926 publica *Dos arquivos do trasno*, un conxunto moi singular e novidoso de relatos breves. En 1927 ingresa no Seminario de Estudos Galegos e publica *A fiesta valdeira*. Instalado en Madrid desde 1930, traballa nas Misións Pedagóxicas levando a cabo un intenso labor de difusión do teatro. Durante a Guerra Civil dirixiu, entre outras revistas, o boletín de escritores galegos antifascistas *Nova Galiza*.

En 1939 exíliase en Bos Aires e alí dirixe a editorial Atlántida. Máis tarde foi lector en Cambridge (1950-52) e profesor no Instituto Tecnolóxico de Monterrei (México). Despois dunha estada en Bos Aires, regresa a Galicia en 1961, tendo como principais residencias A Coruña e Rianxo. En 1971 ingresa na Real Academia Galega co discurso *A vontade de estilo na fala popular*, un dos feitos máis salientables da súa discreta actividade pública e literaria. Mentres, o recoñecemento dos seus contributos á literatura galega e española aumentan paulatinamente.

En 1981 publicou *Antre a terra e o ceo*, colectánea de artigos, e o 15 de outubro dese mesmo ano falece en Compostela, despois de sufrir un lamentábel accidente na súa casa de Rianxo.



Como dramaturgo Dieste é autor dun clásico indiscutíbel do noso teatro, *A fiesta valdeira*



Os seus relatos de *Dos arquivos do trasno* supuxeron un importantísimo estímulo renovador na liña da mellor tradición da narrativa universal


Durante a Guerra Civil dirixiu, entre outras revistas, o boletín de escritores galegos antifascistas *Nova Galiza*

En 1971 ingresa na Real Academia Galega co discurso *A vontade de estilo na fala popular*










Rafael Dieste con Manuel Antonio, Manuel Castiella, Xosé Leandri Castiella e Laureano Lora (1920).

# A OBRA DE RAFAEL DIESTE



TESTIMONIOS Y HOMENAJES Rafael Dieste



## NOTICIAS DO COLEXIO


Durante este curso, ademais de estudar, tamén celebramos algunhas festas entre as que imos destacar:

### MAGOSTO

O MAGOSTO foi no mes de outubro e foi a primeira festa que houbo no colexio desde o principio do curso.

O magosto fíxose desde as tres ata as cinco e fixémolo no campo de futbito. (Os pequenos fixérono no campo de baloncesto).

Nel xogamos ós sacos, á corda, ós aros, etc... mentras se facían as castañas. Ó final comémolas. ¡ Estaban boas !.



ANTROIDO

Despois dun percorrido por algunhas festas, chegamos ó Antroido, en febreiro.

É a terceira festa que se celebra e é, de seguro, a máis divertida. O Antroido significa diversión, alegría, ruído...

Este ano foi distinto xa que as comparsas non foron por cursos senón por ciclos.

Fomos dar un percorrido por algúns sitios de Beluso e voltamos para o colexio. Ó voltar descansamos un pouco e fomos para a casa.

No colexio intentouse, por tódalas cousas, pasar un día moi feliz.

Miriam Ferradáns 7<sup>a</sup> A.

Noelia Ruibal 7<sup>a</sup> C.



### O NADAL

O Nadal é unha festa moi entrañable e familiar, pero ó mesmo tempo non deixa de ser unha festa e unhas pequenas vacacións.

O colexio organizou un programa, tanto para maiores como para pequenos.

O programa, en xeral, abarcaba as seguintes actuacións: obras de teatro, villancicos, bailes, etc.

E logo déronnos as notas da primeira avaliación.



### A SEMANA CULTURAL

Desde o día 19 ó 27 de marzo celebrouse no colexio de Beluso a Semana Cultural.

A Semana Cultural lévase celebrando desde hai moitos anos e este non ía a ser menos.

Comenzou o domingo, 19 de marzo, co XV CROSS de Beluso e rematou o sábado, día 27, coas actuacións dalgunhas comparsas comarcais.

Nesa semana houbo bailes, charlas, obras de teatro, exposicións, etc. Todo o necesario para pasalo ben.

E para rematar o curso 94-95 aínda haberá o festival de fin de curso

Estamos en plena campaña de ELECCIONES MUNICIPALES.  
Estas son as tres listas de candidatos que se presentan no Concello de Bueu.

**CANDIDATURA Nº1**  
**BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**  
**(B.N.G.)**

**Candidatos:**

- 1.- José Novas Piñeiro
- 2.- Félix Juncal Novas
- 3.- Consuelo García Cendón
- 4.- José Ramón Millán López
- 5.- Manuel Antonio Mosteiro García
- 6.- Manuel Otero Pérez
- 7.- José Francisco Boubeta Novas
- 8.- María Teresa Magdalena Rodríguez
- 9.- Miguel Francisco Costas Díaz
- 10.- Manuel González Ferradás
- 11.- José Anxo Graña Piñeiro
- 12.- José Noital Santos
- 13.- María dos Anxos Ferradás Millán
- 14.- José Antonio Portela Villar
- 15.- María do Carmo Pérez Miranda
- 16.- José Manuel Pastoriza Ramil
- 17.- María Dolores López Villanueva

**Suplentes:**

- 1.- José Manuel Cerviño Neira
- 2.- Asunción Villanueva Otero
- 3.- Lucía Torres Martínez

**CANDIDATURA Nº2**  
**PARTIDO POPULAR (P.P.)**

**Candidatos:**

- 1.- Manuel Freire Lino
- 2.- Agustín Cabodevila Estévez
- 3.- José Ignacio García
- 4.- Josefa Vidal Currás
- 5.- José Fiel de la Torre
- 6.- M<sup>te</sup>Montserrat Rodríguez Comedeiro
- 7.- Benito Dix Ave
- 8.- Benito Estévez Estévez
- 9.- Manuel Loira Santaclara
- 10.- M<sup>del</sup> Carmen Portela Freire
- 11.- Alejandro Aguete Freire
- 12.- Emilia Quintela Martínez
- 13.- Miguel Ángel Cerviño Valero
- 14.- Camilo Reiris Otero
- 15.- Susana M<sup>te</sup> Canosa Graña
- 16.- Manuel Freire Pastoriza
- 17.- Amparo Santaclara Rey

**Suplentes:**

- 1.- Manuel Portela Cruz
- 2.- Catalina Dios Blanco
- 3.- José Álvarez Álvarez


**CANDIDATURA Nº 3**  
**PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-**  
**PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL**  
**(P.S. de G.-P.S.O.E.)**

**Candidatos:**


- 1.- Aurora Cerviño Otero
- 2.- Pedro Martínez Villanueva
- 3.- Celso Dopazo Piñeiro
- 4.- José Boubeta Fernández
- 5.- M<sup>te</sup> Esther Blanco Pastoriza
- 6.- Manuel Agullia Rodríguez
- 7.- Francisco Villanueva Álvarez
- 8.- José Pablo Ferradás Pousa
- 9.- Venera Riobó Durán
- 10.- Javier García Comedeiro
- 11.- Luis Becerro Villalibre
- 12.- Ángel Sonza Villanueva
- 13.- Evencio Álvarez Chamadoira
- 14.- Francisco Javier Sotelo Villar
- 15.- Juan Carlos Boubeta Novas
- 16.- Manuel Leal García
- 17.- Arturo Dios Otero

**Suplentes:**

- 1.- Manuel Agullia Portela
- 2.- Mónica Portela Dopazo
- 3.- José Feixoto Gil






# GALICIA





Galicia docemente  
 está ollando o mar:  
 |ten riber e montañas  
 e terras pra labrar!  
 |ten portos maraveiros,  
 cialadras e labregos  
 |cargados de traballos  
 cargados de trapeiros!  
 Galicia e unha noi  
 vellida, sonadora  
 |Me vos da gaitei xiro,  
 una vos da galta chiro!  
 Galicia e o que vemos:  
 a terras, o mar o vento,  
 |Pero hai outro Galicia  
 que vai no sentimento!  
 Galicia somos nos  
 a xente e mell a fala  
 |Si buscas a Galicia  
 en ti tra que a topala!

Mameel Morcia


O MEU BARCO DE XOGUETE




Tenho un barco de xogote  
e mil maquero embarcar.  
Pelas mares dos meus soños  
¡Quen me verá navegar!  
Navegarei por mil e  
sete mares hai cruzar






¡No meu barco de xogote  
maquero e capitán ---!  
¡Non teño medo trabo  
nin no vento e furacán!  
¡O meu barco de xogote!  
¡O meu barco moito real!



Veréi terras, verái illas,  
veréi mares de coral.  
¡Andirán todos mares!  
¡Xa cansei de navegar  
no meu barco de xogote  
sin saír do meu fogar!



MANUEL MARIA



CONTO:  
=====

" O TESOURO PERDIDO "  
+++++

Tim e Carla saíron de paseo á praia. Facía moita calor. Tim foise bañar. Cando se meteu na auga tropezou con algo.

- ¡ Aai !- berrou Tim.

- ¿ Que che pasou ? ¿ Fixéchete dano ? -preguntoulle Carla.

- ¿ Que é isto ? - dixo Tim.

- Parece unha botella- respondeu Carla.

Entón Tim abriu a botella e atopou un mapa e unha nota que dicía:

" Correde á illa de Patán que encontraredes un tesouro perdido."

Eles foron á illa. Cando chegaron encontraron a illa moi deserta.

- ¡ Outra broma de Francis.- dixo Carla.

- ¡ Como lle poña as mans enriba ! - respondeu Tim.

Foron camiñando e encontraron unha aldea.

- ¡ Que bonita ! - dixeron a coro.

Miraron para atrás e decatáronse de que alguén os estaba esperando. De pronto, apareceron tres piratas que dicían chamarse Barba Roxa, Patán e Pelo Louro. Entón dixo Carla:

- ¿ Así que é verdade que hai un tesouro nesta illa ?

- ¡ Claro que si ! - respondeu un dos piratas.

- ¡ Vamos buscalo ! - dixo Tim.

Correron por rochas, pantanos e outros sitios encharcados.

- ¡ Que asco ! - dixo Carla.

- ¡ É que as nenas son moi delicadas !- dixo Tim ríndose.

- ¡ Que risa !- dixo Carla.

Un pouco máis adiante Carla tropezou con algo.

- ¡ Ai ! - dixo Carla.

- ¿ Que é iso de ahí ?- dixo un dos piratas.

Miraron que había unha caixa moi grande no chan. Abrírono e atoparon un tesouro.

- ¡ Ricos, somos ricos !- dixeron todos a coro.



Colleron os barcos e marcháronse co tesouro.



## ENTREVISTA

D. Félix Xestay Martínez é un Oficial de Punte, de 29 anos de idade, veciño de Aldán que leva traballando 6 anos en Terranova (CANADÁ).

- ¿Cantos anos levas no mar?
- 16 anos.
- ¿En cantos barcos do Canadá andiveches?
- Nun só barco.
- ¿Canto poden medir as redes?
- 90 metros.
- ¿Cres que é verdade que nunca saíron das augas da NAFO?
- Si que é verdade.
- ¿Tiña moita produtividade ese caladoiro?
- Tiña e teno, polo de agora.
- ¿Como é un fletán?
- Un peixe plano, de cor escuro, do cal o hábitat son as augas profundas, pois pódese chegar a pescar a 1.500 metros de profundidade.
- ¿En que ano se empezou a pescar o fletán?
- No 1990.
- ¿Que barcos eran?
- O Combarolla IV e o Praia de Sartaxéns.
- ¿Para onde levan o peixe?
- Para o Xapón.
- ¿Pensas que Canadá esaxera algo?
- Esaxera todo.
- ¿Que pensas da situación en xeral?
- Que os canadenses para agachar un problema interno deles, como é o abandono no que se atopan os seus marifeiros, montaron toda esta farsa para desviar a opinión pública do seu país e coller credibilidade á conta de desacrediar ós pescadores galegos.
- ¿Miras iso mal?
- Miroo moi mal, pois non se chega a ningún acordo e imonos quedar sen caladoiros para pescar.



Alejandra Agulla  
Beatriz Agulla  
María Casaleiro  
Miriam Ferradans  
(Sétimo A)


## FUTBITO

A liga de FUTBITO masculino do Colexio xa rematou antes das vacacións de Semana Santa. Os equipos que quedaron clasificados en primeiro lugar, segundo as categorías, foron:

- "ALAS DE JÚPITER" (3º e 4º)
- "O DEPORTIVO" (5º e 6º)
- "COMBALACHY" (7º e 8º).

O FUTBITO feminino tamén rematou cos seguintes equipos como campións:

- "LAS INNOMBRADAS" (6º, 7º e 8º)
- "ESTRELLAS DE FUEGO" (3º, 4º e 5º).



## CROSS

### CROSS-BELUSO-95

Os atletas de Beluso que se clasificaron dentro dos 10 primeiros postos nas categorías escolares e que puntuaron para a clasificación por colexios foron:

#### Benx. masc:

-Manuel Villar.- 5º

#### Benx. femin:

-Noemi Ignacio.- 7º

-Silvia Miranda-10º

#### Alev. masc:

-Ricardo Abalo - 5º

-Damián Domínguez - 7º

#### Alev. femin:

-Eva Caballero - 3º

#### Inf. masc:

-Elías Villar - 2º

-José M. Pastoriza - 10º

#### Cad. femin:

-Marina Caballero - 1º

-Conchita Martínez- 3º.

## BALONMÁN

O campionato de BALONMÁN empezou ó rematar o futbito e aínda estamos en plena competición. O equipo que vai de primeiro, de momento, é o "COMBALACHY" (7º e 8º), e "LOS MALOS" (5º e 6º).

Está a piques de rematar esta liga e, a continuación, comezará a competición feminina.

## PING-PONG

A liga de Segunda División da Federación Galega de Tenis de Mesa, dentro do Sector Sur de Galicia e na que está participando o Equipo Feminino do noso Colexio, xa rematou. Agora falta por xogar contra os equipos do Sector Norte (A Coruña).

## DEPORTIVIDADE

Os profesores encargados dos deportes do Colexio, D. Jaime, D. Jesús e D. Luís, acordaron que, para o vindeiro curso, os rapaces que participen nas competicións dos recreos teñen que dedicarse só a xogar limpamente e deixarse de "pique" porque, do contrario, suspenderase a competición.

¡ XOGA LIMPO ! ¡ DEPORTIVIDADE !




### CROSS-COIRO

No Cross de Coiro, que se celebrou o 30 de abril, Marina Caballero, alumna do noso Colexio, acadou o primeiro posto na súa categoría.

### CROSS-ALDÁN

O vindeiro 17 de maio, Día das LETRAS GALEGAS, vaíse celebrar o Cross de Aldán no que tamén vai participar unha representación do noso colexio.

¡ Sorte !.



## HUMOR

A mestra na clase:

- ¿Como se chaman os habitantes de Belén?
- Jaimito di:
- Figuras.

Dous noivos paseando pola rúa,  
el pregúntalle a ela:

- Oe, ¿ se me pegaran un tiro,  
ti sentiríalo moito?.
- ¡Home claro; non son xordo!.

- ¿Cal é o colmo dun perruqueiro?
- Que chegue tarde... polos pelos.



Un home que se compra un cochazo e sae del  
deixándose as chaves dentro. Vai coller unha  
pedra para romper a ventaniña, pero a súa mu-  
ller dille:

- ¿Onde vas, burro? ¿Non ves que tés un bura-  
quiño aberto por onde podes meter un alambre?.
- ¡Vaia, que lista! ¿Como ti quedáchete dentro  
velo todo moi doado!.




A Garde Civil detén a un siscentos para  
darlle unha gratificación de 150.000 ptas.  
ó conductor por levar o coche tan ben.

- ¿Que vai facer vostede cos cartos?-pregún-  
tanlle.
- O primeiro, sacarme o carné de conducir.


Atópanse dous nun ascensor:

- ¿Vostede votou un peido?
- ¿E vostede?
- ¿Eu?. Desde logo que non.
- ¡Pois entón para que pregunta!.




Conversa entre dous cabalos:

- ¡Home, canto tempo sen verte!, ¿Como che vai a vida?
- Pois así, así, ¿ e a ti ?
- ¡De maravilla!. Estou nas cortes de Pablo Domeq, con  
aire acondicionado, piscina, televisión...¿ E ti onde  
estás ?.
- Eu nun sitio onde ás sete da mañá pónenme a arar e  
despois lévanme a unha corte asquerosa onde as moscas  
cébanse comigo. Eso si, os domingos... as miñas gafañas  
de sol, o meu peto e...¡ ós touros !.




# Fiadeiro

## DUN SÓ TRAZO




Traza a figura sen levantar o boli do papel e sen pasar dúas veces pola mesma liña.

## AS MANS FALAN




Averigua o nome das batallas nas que Aníbal venceu ós romanos. Tamén na que resultou derrotado.

## LABIRINTO




# Pasatempos

## EN CATRO PARTES



O patio dun labrego sería un cadrado se non fora pola casa, que ocupa, exactamente, a cuarta parte. O patio que lle queda quere dividilo en catro zonas idénticas. ¿ Sabes axudarlle ?.

## DO UN Ó NOVE



Coloca os números do 1 ó 9 sen repetilos, procurando que se cumpran as operacións.

¿ Cal dos dous exploradores, perdidos no deserto, conseguirá chegar á xerra de cervexa fresca ? Dille cal é o camiño.

Manuel Germade 6º B

N. Tomás Méndez 6º B

# RUMORES

# RUMORES

CORREN RUMORES...de que D. Pedro non nos cre boas persoas, por iso buscou un novo amigo máis formal: Pepiño " O Esqueleto".

CORREN RUMORES...de que Pepiño, quedou esquelético despois dunha clase de matemáticas.

CORREN RUMORES...que a profesora de Sociais, a quen non estudie, vaille formar un Consello de Guerra.

CORREN RUMORES...de que D. Jaime agora fainos saltar como as cabras de Udra. ¡Pecador!

CORREN RUMORES...de que se puxo de moda operarse dos ollos para ver mellor as chuletas.

CORREN RUMORES...de que no Colexio de Beluso hai moitos " asnorantes ".

CORREN RUMORES...de que doña Berta vaise volver PROTESTANTE.

CORREN RUMORES...de que a señora da limpeza só limpa nos anos bisiestos.

CORREN RUMORES...de que o porteiro ten o reloxo pola hora canaria.

CORREN RUMORES...de que no Colexio unha botella de lexía ten que durar seis meses.

CORREN RUMORES...de que os " DONUTS " que venden os de oitavo, e que eles afirman que son do día, pasan no laboratorio meses e meses á espera de que os compren.

CORREN RUMORES...de que o Alcalde de Bueu ten un lema: " Todo para Bueu, nada para Beluso; todo para Bueu, nada para Beluso; todo para...".

CORREN RUMORES...de que a carretera de diante da entrada do Colexio o Axuntamento vaina asfaltar para o CROSS-BELUSO...2000.

CORREN RUMORES.. RUMORES... RUMORES... RUMORES...



Rafael Dieste

A festa valdeira

Día

Dos arquivos do trasto

FRAGUA ÍNTIMA

VIAXE E FIN DE  
DON FRONTÁN

das

TESTIMONIOS  
Y HOMENAJES

ROJO FAROL  
AMANTE

Letras

Galegas

A VONTADE DE ESTILO  
NA FALA POPULAR

El alma y el espíritu

HISTORIAS  
E INVENCIONES  
DE FELIX MURIEL

A vontade de estilo na fala popular